c

CURSO
2009/10

# PROXECTO EDUCATIVO

C.R.A. Ponte da Pedra (Carballo)

## . CONTEXTUALIZACIÓN.

O contexto é importante para facer a análise real dos nosos Centros e do meu traballo como Orientador, polo que a elaboración deste apartado sinalarei os aspectos máis destacados previa análise dos documentos do Centro (PEC, PCC). De seguido os aspectos contextuais máis destacados:

**A. Situación xeográfica:**

Xeográficamente o centro base e os adscritos pertencen ao concello de Carballo, capital da comarca de Bergantiños, con escolas distribuídas dentro das súas dezaoito parroquias: Aldemunde, Ardaña, Artes, Berdillo, Bértoa, Cances, Carballo, Entrecruces, Goiáns, Lema, Noicela, Oza, Razo, Rus, Rebordelos, Sísamo, Sofán e Vilela e cunha poboación rural dispersa.

**B. Análise socioeconómico e cultural:**

A nivel económico, indicaremos que se trata dunha poboación que obtén os seus ingresos maioritariamente de actividades do sector primario (agricultura e gandería) e do sector terciario (industria e servizos) nos Polígonos Industriais do entorno do Concello de Carballo e de A Coruña.

A poboación da zona está sufrindo un incremento fundamentalmente polo repunte da natalidade moi relacionado coa actividade comercial que está incrementando o nivel económico da poboación.

O tipo de vivenda máis habituais, é maioritaria do alumnado dos centros trátase dunha edificación propia enclavada no ámbito rural e sendo menor o alumnado que reside en pisos, e urbanizacións.

Se nos centramos nas características familiares trátase de familias nucleares, que se encontran aumentadas pola presencia na vivenda familiar dos avós u outros familiares pretos.

En canto ao ámbito cultural das familias e entorno, é importante destacar como características lingüísticas da zona que a lingua vehicular da poboación e do aprendizaxe e o galego. Neste ámbito e importante destacar ademais dos Centros Escolares da labor dos concellos, en especial o de Carballo, e das asociacións en prol da cultura e a súa difusión mediante a programación de actividades culturais tanto para nenos/as como para adultos.

Cuantitativamente podemos atopar un pequeno grupo de familias que socio-culturalmente e economicamente están en precario, o que inflúe no rendemento académicos destes alumnos.

**O Centro.**

**a) Tipo:**

O Colexio Rural Agrupado (C.R.A.) Ponte da Pedra está constituído por agrupacións de sete escolas unitarias da zona rural: Artes, Cances, Mirón, Rega, Sísamo, Berdillo e Xoane, que se unen para contar con maiores recursos económicos, materiais e persoais cas escolas unitarias. Estas, constitúen un só colexio público, de acordo co establecido no Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (Art. 2-6).

**b) Ensinanzas que imparten:**

O Colexio Rural Agrupado C.R.A. “Ponte da Pedra” conta con:

3 Unidades de Educación Infantil

1 Unidades de Educación Primaria (1º Ciclo)

5 Unidades mixtas de Educación Infantil e 1º ciclo de Ed. Primaria dúas das cales están catalogadas de Infantil e as outras dúas de Primaria.

**c) Instalacións:**

No que se refire as instalacións do meu lugar de traballo sitúase nunha antiga vivenda de mestres que é a Sede do C.R.A. Nesta contamos con catro dependencias, dúas destinadas a despachos, unha a sala de mestres, e unha dependencia que conta con multicopista, fotocopiadora e plastificadora na que se situou o meu despacho.

Como xefe do departamento de orientación conto con un portátil, un ordenador de sobremesa internet vía wifi, e impresora compartida para optimizar os recursos.

No que fai referencia a instalación das escolas unitarias, existen deficiencias pola antigüidade dalgunhas delas, aínda que o Concello fai reparacións constantes (pintura, arranxos, etc.), para unha mellorar a súas condicións. Na actualidade está a levar a cabo rehabilitacións en aspectos como acondicionamento do chan, posta de balados, instalación de timbres, e melloras na calefacción.

Outra dificultade engadida é que en algunha escola non existe un lugar específico, para que se lle pasen probas o alumnado pola miña parte, ou para que a mestra de AL e PT, desenrolen un traballo máis concreto e individualizado ao marxe do grupo de referencia.

O CRA Ponte da Pedra non conta con servizo de comedor nin de transporte, xa que a distancia a percorrer non superan os 2 km do centro aos domicilio do alumnado.

## 2.2. Persoal do centro.

### a) Persoal Docente:

| Centro | Unidades | | Profesorado | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| C.R.A Ponte da Pedra | **EI** | **EP** | **EI** | **EP** | **EF** | **FI** | **PT** | **AL** | **EM** | **DO** | **RE** | **Total** |
| | 5 | 4 | 6 | 4 | 1 | 2 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 18 |

### b) Consello Escolar:

O Consello Escolar do centro está formado polo equipo directivo, 5 mestres/as, 6 pais/nais (1 deles é representante do ANPA) e un/unha representate do Concello de Carballo.

### c) ANPA:

A Asociación de Pais e Nais "A Carballeira" agrupa a tódalas unitarias do CRA.

**Instalacións:**

No que se refire as instalacións do meu lugar de traballo sitúase nunha antiga vivenda de mestres que é a Sede do C.R.A. Nesta contamos con catro dependencias, dúas destinadas a despachos, unha a sala de mestres, e unha dependencia que conta con multicopista, fotocopiadora e plastificadora na que se situou o meu despacho.

Como xefe do departamento de orientación conto con un portátil, un ordenador de sobremesa internet vía wifi, e impresora compartida para optimizar os recursos.

No que fai referencia a instalación das escolas unitarias, existen deficiencias pola antigüidade dalgunhas delas, aínda que o Concello fai reparacións constantes (pintura, arranxos, etc.), para unha mellorar a súas condicións. Na actualidade está a levar a cabo rehabilitacións en aspectos como acondicionamento do chan, posta de balados, instalación de timbres, e melloras na calefacción.

Outra dificultade engadida é que en algunha escola non existe un lugar específico, para que se lle pasen probas o alumnado pola miña parte, ou para que a mestra de AL e PT, desenrolen un traballo máis concreto e individualizado ao marxe do grupo de referencia.

O CRA Ponte da Pedra e nas EEI adscritas non conta con servizo de comedor nin de transporte, xa que a distancia a percorrer non superan os 2 km do centro aos domicilio do alumnado e o CEIP Gándara-Sofán dispón de transporte escolar aínda que non de comedor escolar.

**2.2. Persoal do centro.**

**a) Persoal Docente:**

| **Centro** | **Unidades** | | **Profesorado** | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| C.R.A Ponte da Pedra | **EI** | **EP** | **EI** | **EP** | **EF** | **FI** | **PT** | **AL** | **EM** | **DO** | **RE** | **Total** |
| | 5 | 4 | 5 | 4 | 1 | 2 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 17 |

**VALORES QUE PERSEGUIMOS:**

Desde o centro fomentar a aprendizaxe ao longo de toda a vida que implica proporcionarlle os nosos nenos/as a base dunha educación completa que abarque:

- Os coñecementos e as competencias básicas que resultan necesarias na sociedade actual, que lles permita desenvolver os valores que sustentan a práctica da cidadanía democrática, a vida en común e a cohesión social, que estimule neles e nelas o desexo de seguir aprendendo e a capacidade de aprender por si mesmos.
- A transmisión daqueles valores que favorecen a liberdade persoal, a responsabilidade, , a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, que constitúen a base da vida en común

**OBXECTIVOS E LIÑAS XERAIS DE ACTUACIÓN:**

· Ámbito pedagóxico:

- Ensinar a aprender: Pretendemos que os nosos alumnos saian da escola cuns hábitos e procedementos que lles axuden a estudiar no futuro
- Fomentar á lectura: Tratamos de foemnta-la afección pola lectura facendo actividades de animación á lectura e utilizando a biblioteca de aula con libros en Galego e en Castelán axeitados ás súas idades. Procuramos que o alumnado disfrute e ao mesmo tempo, aprenda lendo.
- Espertar o amor pola natureza: Espertamos nos nosos alumnos o amor pola natureza inculcando o respecto polo entorno, os animais, as plantas... Participamos na recollida de papel para reciclar así como de recollida de pilas usadas. Plantamos froitos e sementes para observa-la súa xerminación.
- Desenvolver unha Educación para a paz: Cremos imprescindible fomentar nos alumnos que resolvan os seus conflictos pola vía pacífica mediante o diáologo, a comprensión e a solidaridade
- Dotar ao alumnado dunha **competencia dixital** axeitada ás súas idades: Ademáis da utilización das TICs como ferramentas ao servizo do mestre como medio de presentación dos contidos, é un obxectivo da nova lexislación o de dotar ao alumnado dunha competencia dixital. Neste sentido a

integración das novas tecnoloxías no traballo cotián da aula (explicacións, actividades,…) contribuirá a que os nenos/as se vaian familiarizando con ditas tecnoloxías e coas posibilidades que éstas ofrecen

- Integrar os seus aprendizaxes tantos formais como non formais a partir da consecución das **Competencias Básicas**: hai que poñer énfase no dominio da habilidade para reflexionar e aplicar os coñecementos asi como ao manexo de destrezas e habilidades necesarias para alcanzar obxectivos persoais e participar efectivamente na vida social

· Ámbito institucional:

- Establecer relación cos centros receptores dos nosos alumnos (CEIP Bergantiños e CEIP Fogar) para que lles sexa máis doada a adaptación ó novo centro
- Realizar unha formación permanente do profesorado mediante a asistencia a cursiños, xornadas... adaptadas ó nivel que se está a impartir.
- Coordinarse coas distintas institucións e profesionais que incidan na atención ós alumnos/as: Familias, E.O.E., Servicios Sociais do Concello, Centro educativos adscritos, Centros  específicos, Profesionais médicos....
- Establecer contactos periódicos coas familias de forma individual e colectiva, co fin de asumir conxuntamente o proceso educativo dos seus fillos/as.

**CONCRECIÓN DOS CURRICULOS**

**EDUCACIÓN INFANTIL**

Segundo a LOE os obxextivos xerais dá Etapa de E.Infantil son:

a) Coñecer o seu propio corpo e o dos outros, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.

b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.

c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.

d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.

e) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.

f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.

g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lecto-escritura e no movemento, o xesto e o ritmo.

O carácter educativo de de o 2º ciclo será recollido polo centros  nunha proposta pedagóxica á espera da aprobación do novo curriculo desta etapa.

No 2º ciclo da educación infantil atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, ao movemento e os hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento das características físicas e sociais do medio no que viven. Ademais facilitarase que nenas e nenos elaboren unha imaxe de si mesmos positiva e equilibrada e adquiran autonomía persoal.

Os contidos educativos da educación infantil organizaranse en áreas correspondentes a ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento infantil e abordaranse por medio de actividades globalizadas que teñan interese e significado para os nenos.

Fomentaremos unha primeira aproximación á lingua estranxeira nas aprendizaxes do segundo ciclo da educación infantil, especialmente no último ano. Así mesmo fomentarán unha primeira aproximación á lectura e á escritura, así como experiencias de iniciación temperá en habilidades numéricas básicas, nas tecnoloxías da información e a comunicación e na expresión visual e musical.

6. Os métodos de traballo en ambos os ciclos basearanse nas experiencias, as actividades e o xogo e aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a súa autoestima e integración social.

**EDUCACIÓN PRIMARIA**

A finalidade da E.Primaria é outorgar a todos os nenos e nenas unha educación que permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar, adquirir as habilidades culturais básicas relativas á expresión e comprensión oral, á lectura, á escritura e ao cálculo, así como desenvolver as habilidades sociais, os hábitos de traballo e estudo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividad.

A acción educativa nesta etapa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e adaptarase aos seus ritmos de traballo.

**Obxectivos da educación primaria.**

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.

e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua castelá e, se a houber, a lingua cooficial da Comunidade Autónoma e desenvolver hábitos de lectura.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer e valorar a súa contorna natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e coidado do mesmo.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e a comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

A etapa de educación primaria comprende tres ciclos de dous anos académicos cada un e organízase en áreas, que terán un carácter global e integrador.

As áreas desta etapa educativa son as seguintes:

Coñecemento do medio natural, social e cultural.

Educación artística.

Educación física.

Lingua castelá e literatura e, se a houber, lingua cooficial e literatura.

Lingua estranxeira.

Matemáticas.

Nesta etapa porase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo axiña que como se detecten estas dificultades.

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación e a educación en valores traballaranse en todas as áreas.

**Concreción do curriculo para o 1º ciclo de EP**

## Mátemáticas

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACION | COMPETENCIAS BASICAS |
|---|---|---|---|
| 1.Realizar experiencias sencillas de medida de lonxitude, capacidade e masa non convencionais. | A medida<br>Unidades non convencionais de medida de lonxitude: pasos, pes, palmos, dedos. | Compara obxetos, recipientes ou figuras según a súa lonxitude, capacidade e masa en situacións cotidianas. | ·C.Matemática (2)<br>·C.Cominicación Lingüísitca (1)<br>·Aprender a aprender (7)<br>·Tratamiento da información e competencia dixital (4)<br>·C.Conocimiento de medio físico e social (3) |
| 2.Utiliza-las unidades de lonxitude: metro e centímetro. | Unidades convencionais de medida de lonxitude: metro<br>· Instrumentos de medida: a cinta métrica | Mide lonxitudes coa regla e cinta métrica e expresar correctamente o resultado. | ·C.Matemática (2)<br>·C.Cominicación Lingüísitca (1)<br>·Aprender a aprender (7)<br>·C.Conocimiento de medio físico e social (3) |
| 3.Utilizar unidades de capacidade convencionais: litro, medio litro, cuarto de litro. | Unidades convencionais de medida capacidade: o litro. | Mide capacidades en situacións sinxelas | ·C.Matemática (2)<br>·C.Cominicación Lingüísitca (1)<br>· Aprender a aprender (7)<br>· C.Conocimiento de medio físico e social (3) |
| 4.Utilizar unidades de masa: kilogramo, medio kilogramo, cuarto de kilogramo. | Unidades convencionais de medida masa:kilogramo.<br>· Instrumentos de medida: a balanza. | Mide masas en situacións sinxelas | ·C.Matemática (2)<br>·C.Cominicación Lingüísitca (1)<br>·Aprender a aprender (7)<br>·C.Conocimiento de medio físico e social (3) |
| 5.Medir e comparar lonxitudes e tamaños en situacións cotidianas. Coñece-los coceptos de día, semana, hora e media hora. Coñecer o concepto de ano e mes. | Unidades convencionais de medida do tempo: ano, mes, semana,día, hora e cuarto de hora. | ·Distingue nun calendario os conceptos de ano, mes e semana.<br>·Relaciona-la semana, mes e ano eos días que ten cada período de tempo. | ·C.Matemática (2)<br>·C.Cominicación Lingüísitca (1)<br>·Aprender a aprender (7)<br>·Tratamiento da información e competencia dixital (4)<br>·C.Conocimiento de medio físico e social (3) |
| 6. Recoñecer a lectura da hora en reloxos analóxicos e dixitais | Unidades convencionais de medida do tempo: hora e cuarto de hora<br>· Instrumentos de medida: o reloxo analóxico e digital | Le -la hora exacta e a media hora nun reloxo analóxico e nun dixital. | ·C.Matemática (2)<br>·C.Cominicación Lingüísitca (1)<br>·Aprender a aprender (7)<br>·C.Conocimiento de medio físico e social (3) |
| 7. Aprender a contar o difleiro que representa as moedas. | Unidades monetarias: euros e céntimos de euro | Manexa con soltura o euro e os céntimos de euro realizando mentalmente os cálculos esixidos | ·C.Matemática (2)<br>·C.Cominicación Lingüísitca (1)<br>·Aprender a aprender (7)<br>·C.Conocimiento de medio físico e social (3) |

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACION | COMPETENCIAS BASICAS |
|---|---|---|---|
| 8. Distinguir os conceptos dentro, fóra; encima, debaixo; diante, detrás; dereita, esquerda; cerca, lonxe; arriba, abaixo. | 1 . Situación dun obxeto no plano e no espacio: dentro, fora, encima, debaixo, delante, esquerda, dereita, arriba, abaixo | Sabe orientarse e situarse tomándose eles mesmos como referencia, en relación eos demais, en relación eos obxetos e en relación eos puntos estratéxicos do contorno, empregando as posicións relativas: dereita, esquerda, dentro, fora, enrriba, debaixo, diante, detrás, cerca,lonxe.... | ·C.Matemática (2)<br>·C.Cominicación Lingüísitca (1)<br>·Aprender a aprender (7)<br>·Tratamiento da información e competencia dixital (4)<br>·C.Conocimiento de medio físico e social (3) |
| 9. Recofiecer as formas planas elementáis e corpos xeométricos | · Figuras planas: cadrado, triangulo, rectangulo e círculo<br>·Corpos xeométricos: cilindro, pirámide, prisma, esfera, cono | Recoñece no contorno obxectos e espacios con formas rectangulares, circulares, triangulares, cúbicas e esféricas. | C.Matemática (2)<br>C.Cominicación Lingüísitca (1)<br>C.Conocimiento de medio físico e social (3)<br>Aprender a aprender (7)<br>Tratamiento da información e competencia dixital (4) |
| 10. Distinguir liñas rectas e curvas. | Liñas rectas, liñas curvas | Identifica, traza y clasifica liñas rectas, curvas cerradas e curvas abertas. | C.Matemática (2)<br>C.Cominicación Lingüísitca (1)<br>Aprender a aprender (7)<br>Tratamiento da información e competencia dixital (4) |
| 11. Distinguir curvas abertas e pechadas. | Liñas curvas e liñas pechadas | Identifica, traza y clasifica liñas rectas, curvas cerradas e curvas abertas. | C.Matemática (2)<br>C.Cominicación Lingüísitca (1)<br>Aprender a aprender (7)<br>Tratamiento da información e competencia dixital (4) |
| 13. Aplicar correctamente os signos de >, < e = | Os signos =, >,< | ·Le e escribe os números do 1 ó 999. | C.Matemática (2)<br>C.Cominicación Lingüísitca (1)<br>Aprender a aprender (7)<br>Tratamiento da información e competencia dixital (4) |
| 14. Contar progresiva e regresivamente de O a 999. | Números naturais do 0 ó 999<br>Número anterior e posterior | ·Conta progresiva e regresivamente do 1 ó 999.<br>·Le e escribe os números do 1 ó 999.<br>·Halla-lo número anterior e posterior a outro dado. | C.Matemática (2)<br>C.Cominicación Lingüísitca (1)<br>Aprender a aprender (7)<br>Tratamiento da información e competencia dixital (4) |
| 15.Identificar e recoñecer os números do 1 ó 999. | Números naturais do 0 ó 999 | ·Le e escribe os números do 1 ó 999. | C.Matemática (2)<br>C.Cominicación Lingüísitca (1)<br>Aprender a aprender (7) |
| 16. Usar os ordinais do 1° ó 10°. | Os números orinais: 1º ó 10º | · Emplea correctamente os ordinais do 1° ó 10°. | C.Matemática (2)<br>C.Cominicación Lingüísitca (1)<br>Aprender a aprender (7) |

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACION | COMPETENCIAS BASICAS |
|---|---|---|---|
| 17.Identificar os números pares e impares do 1 ó 10. | Números pares e impares | Recoñece nun conxunto de números do 1 ó 10 os que son pares ou impares. | C.Matemática (2)<br>C.Cominicación Lingüísitca (1)<br>Aprender a aprender (7) |
| 18.Descomponer un número de ata tres cifras na suma das súas unidades,decenas e centenas. | A concepto de unidade, decena e centene | Componer e descomponer números de unha, dúas e tres cifras en unidades, decenas e centenas. | C.Matemática (2)<br>C.Cominicación Lingüísitca (1)<br>Aprender a aprender (7) |
| 19.Realizar cálculos de maneira aproximada. | Cálculo mental aproximado | Calcula mentalmente adiciones de números de unha cifra e de decenas completas. | C.Matemática (2)<br>C.Cominicación Lingüísitca (1)<br>Aprender a aprender (7) |
| 20.Calcular mentalmente | Cálculo mental exacto | Calcula mentalmente adiciones de números de unha cifra e de decenas completas. | C.Matemática (2)<br>C.Cominicación Lingüísitca (1)<br>Aprender a aprender (7) |
| 21.Determinar o número anterior e posterior a outro dado. | Números naturais do 0 ó 999<br>Número anterior e posterior | Identifica os números do 1 ó 999.<br>·Halla-lo número anterior e posterior a outro dado. | C.Matemática (2)<br>C.Cominicación Lingüísitca (1)<br>Aprender a aprender (7) |
| 22.Realizar sumas e restas con números de tres cifras. | Operacións básicas: sumas e restas | ·Realiza sumas con e sin levar con números de unha, dúas e tres cifras colocados horizontal e verticalmente.<br>·Realizar restas de números ata tres cifras con e sin levada ñas unidades. | C.Matemática (2)<br>C.Cominicación Lingüísitca (1)<br>Aprender a aprender (7)<br>Autonomía e iniciativa persoal (8) |
| 23.Utilizar as táboas de multiplicar. | A multiplicación: o seu significado e as táboas | ·Automatiza as táboas de multiplicar.<br>·Comprende o significado da multiplicacion | C.Matemática (2)<br>C.Cominicación Lingüísitca (1)<br>Aprender a aprender (7)<br>Autonomía e iniciativa persoal(8) |
| 24.Realizar multiplicacións sinxelas. | Operacións básicas: a multiplicación | Realiza multiplicacións sinxelas. | C.Matemática (2)<br>C.Cominicación Lingüísitca (1)<br>Aprender a aprender (7) |
| 25.Calcula-lo dobre e o triple. | A multiplicación por 2, o dobre, e por 3 o triple | Calcula-lo dobre e o triple. | C.Matemática (2)<br>C.Cominicación Lingüísitca (1)<br>Aprender a aprender (7) |

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACION | COMPETENCIAS BASICAS |
|---|---|---|---|
| 26.Comprender o enunciado dun problema. | Ler e comprender o enunciado.<br>Identificar a pregunta | Identifica-la pregunta nun problema.<br>É capaz de explicar o enunciado do problema | C.Matemática (2)<br>C.Cominicación Lingüísitca (1)<br>Aprender a aprender (7) |
| 27.Identificar os datos dun problema. | Comprenxión do enunciado e extraer os datos | Elixi-la operación adecuada para resolver un problema. | C.Matemática (2)<br>C.Cominicación Lingüísitca (1)<br>C.Conocimiento de medio físico e social (3)<br>Aprender a aprender (7)<br>Autonomía e iniciativa persoal |
| 28.Elixir a operación adecuada para resolver un problema. | ·Elixir a operación máis adecuada ó problema<br>·Ter extratexias para elixir a operación máis adecuada | Resolverproblemas sinxelos. | C.Matemática (2)<br>C.Cominicación Lingüísitca (1)<br>Aprender a aprender (7)<br>Autonomía e iniciativa persoal |

**Lingua Galega e Castelán**

### *Obxectivos para o primeiro ciclo*

- Comprender as ideas expresadas en textos orais (contos, lendas, poemas, adiviñas, etc.), relacionándoas coas propias ideas e experiencias.
- Comprender un texto axeitado á idade.
- Escoitar e comprender a expresión oral dos demais.
- Comprender e utilizar axeitadamente o vocabulario apropiado á súa idade en diferentes situacións.
- Representar e recitar textos orais coa articulación, o ton e o ritmo axeitados, de forma comprensiva e expresiva
- Utilizar correctamente as estruturas lingüísticas básicas.
- Escribir textos sinxelos e breves empregando oracións curtas e utilizando palabras do vocabulario propio da idade.
- Expresarse oralmente de xeito claro, narrando experiencias propias, ideas, situacións reais e imaxinarias, etc.
- Participar en diálogos, conversacións, charlas de clase, etc., respectando as normas que facilitan o intercambio comunicativo (esperar o momento de intervención, respectar as opinións dos demais, etc.).
- Utilizar os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información e da comunicación para obter, interpretar e valorar informacións e opinións diferenteUtilizar a linguaxe como instrumento de aprendizaxe para memorizar anotar, preguntar, comprender responder.
- Redactar textos breves (narracións, notas...) coas grafías adecuadas, os signos de puntuación correspondentes, as palabras separadas, etc., e presentando o escrito de forma clara e limpa.
- Expresarse por escrito, dominando a ortografía natural e as normas básicas da lingua escrita.
- Familiarizarse con algunhas reflexións elementais sobre a importancia da linguaxe, do seu correcto uso e das súas reglas.
- Ler textos coa articulación, o ritmo, a fluidez, a expresividade e a seguridade necesarios e ser capaz de extraer algunha información específica: identificar personaxes explicar o argumento, interpretar as instrucións das actividades, etc.
- Iniciarse na adquisición do hábito e o gusto pola lectura.

  1. Utilizar de forma habitual os libros como medio de diversión e desfrute, dentro e fóra da aula.
- Utilizar os coñecementos de lecto-escritura para a comprensión de textos e o intercambio de experiencias e sentimentos.
- Utilizar indicadores sinxelos na lectura de textos (ilustracións, títulos, etc.) para formular conxecturas sobre o seu contido.
- Comprender o sentido global de textos de nivel axeitado e responder, oralmente e por escrito, a preguntas que demostren a devandita comprensión.
- Escoitar, reproducir e representar expresións da linguaxe oral tradicional (adiviñas, cancións, contos, trabalinguas, etc.).
- Valorar estas expresións como un feito cultural enriquecedor.
- Distinguir usos racistas, sexistas e outros estereotipos que se atopan na linguaxe, en conversacións, audicións, contos e imaxes, e introducir as auto-correccións pertinentes.

## a. Contidos

### 1. Lecto-escritura

- Letras: *a, e, i, o, u, l, m, s, p, y* (coordinación), *t , n, d, h, c, f, g,-r-,-r, t, b, ñ, v, z* e as súas grafías.
- Dígrafo: *ch* e a súa grafía.
- Sílabas: *ca, co, cu, que, qui, ga, go, gu, gue, gui, ce, ci.*
- Letras: *j, x, k* e as súa grafías.
- Dígrafo: *ll* e a súa grafía.
- Sílabas: *ge-gi, güe-güi.*
- Grupos consonánticos: *fr, fl, pr, pl, tr, dr, br, bl, cr, cl, gr, gl.*
- Interrelación entre os códigos oral e escrito: discriminación dos sons das palabras e correspondencia dos fonemas coas súas grafías.
- Diferenciación de fonemas.
- Segmentación silábica.
- Respostas a preguntas sobre a lectura.
- Colocación das letras que faltan en determinadas palabras.
- Lectura comprensiva de diferentes textos escritos.
- Lectura e memorización de retahílas e cancións.
- Manifestacións persoais sobre libros lidos.
- Pronunciación correcta.
- Interpretación de tiles e de signos de puntuación para dar sentido e expresividad á lectura.
- Copia e ditado de frases e textos.
- Lectura de textos, tanto literarios como non literarios.
- Resumen das ideas fundamentais dun texto dado, respectando a secuencia argumental.
- Manifestación de opinións persoais sobre os textos escoitados e lidos.
- Produción de textos propios a partir dun comezo dado, dun final ou dun título.
- Comprensión de mensaxes que utilicen unha linguaxe non verbal, anuncios, historietas debuxadas, interpretación de xeroglíficos, de cancións, etc.
- Produción de mensaxes deste tipo: debuxo dunha historia escoitada ou lida, invención dun anuncio, etc.

**2. Comprensión e expresión oral e escrita**

- Contos, adiviñas, trabalinguas, poesías, cancións, fábulas.
- Escritura de frases a partir de palabras dadas.
- Escritura de contos, cartas e diálogos.
- Comprensión de textos orais e escritos en distintas situacións de comunicación.
- Uso das habilidades lingüísticas e regras interactivas adecuadas na comunicación cos demais (conversación, diálogo, descrición, narración, etc.) e na comunicación escrita.
- Produción de textos orais e escritos referidos a distintas situacións e intencións comunicativas: expresar vivencias, sentimentos e ideas; transmitir informacións describir situacións reais ou imaxinarias, describir, narrar etc. experimentando as posibilidades creativas que brindan a linguaxe oral e o escrito.
- Recitación e representación oral de textos literarios e non literarios: cancións, chistes, trabalinguas, onomatopeas, etc.
- Realización de comentarios de textos escritos. Iniciación á argumentación e ao resumo.
- Valoración da linguaxe oral como medio de relación.
- Valoración da linguaxe escrita como código comunicativo.
- Valoración da claridade e a orde na expresión.
- Valoración da lectura como fonte de pracer.
- Valoración da lingua oral e escrita para realizar tarefas concretas.
- Valoración da lingua como medio para satisfacer necesidades de comunicación.

**3. Estudo da lingua**

- O artigo: *o, a, un unha..*
- O xénero: masculino e feminino.
- O artigo: *un, unha, uns, unhas.*
- Adxectivos cualificativos.
- Os nomes propios.
- Suxeito e predicado.
- Oracións interrogativas e exclamativas.
- Singular e plural.
- O verbo.
- A letra maiúscula.
- Sinónimos e antónimos.

- Diminutivos: *-ito, -ita.*
- Familias de palabras.
- Aumentativos: *-azo, -aza, -ón, -ona.*
- El abecedario.
- Palabras derivadas.
- Nombres de parejas.
- Onomatopeyas.
- Transformación de frases afirmativas en negativas.
- Recoñecemento e uso de frases interrogativas e exclamativas.
- Dominio da ortografía natural e de certas normas: uso de maiúsculas, *mp, mb, nr.*
- Uso de aumentativos e diminutivos.
- Ordenación de frases desordenadas.
- Articulación correcta dos sons e sílabas de acordo coa ortografía natural.
- Identificación e uso das normas sintácticas, morfolóxicas e ortográficas simples nas producións orais e escritas.
- Valoración e respecto polas normas ortográficas.
- Ampliación de vocabulario, explicación do significado de palabras coñecidas e identificación de familias de palabras.

| CRITERIOS DE AVALIAICÓN | COMPETENCIAS BÁSICAS |
|---|---|
| Participar en situacións comunicativas da aula tomando en consideración os hábitos e as regras que rexen estas situacións. Usar fórmulas e tratamento adecuados para saudar, despedirse, presentarse, escusarse e solicitar axuda. | 1.Competencia en comunicación lingüística<br>5. Competencia social e cidadá<br>7.Competencia para aprender a aprender<br>8. Autonomía e iniciativa persoal |
| Comprender textos orais de uso habitual procedentes de diferentes soportes, identificando a información máis relevante. Usar estratexias elementais para comprender as mensaxes que escoitan, atendendo a sinais relevantes como o ton de voz ou os xestos e formulando preguntas sobre o que non se comprende ben. | 1. Competencia en comunicación lingüística<br>4. Tratamento da información e competencia dixital<br>5. Competencia social e cidadá<br>7. Competencia para aprender a aprender |

| CRITERIOS DE AVALIAICÓN | COMPETENCIAS BÁSICAS |
|---|---|
| Expresar oralmente vivencias, feitos, sentimentos ou emocións, e comunicar mensaxes de xeito organizado. | 1. Competencia en comunicación lingüística<br>5. Competencia social e cidadá<br>7. Competencia para aprender a aprender<br>8. Autonomía e iniciativa persoal |
